

PROCEDEMENTO: CT302D– Desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede galega de música ao vivo.

ASUNTO: Resolución de concesión

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 3 de xuño de 2022 publicouse a Resolución do 19 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 21-22, ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT302D).

2. Estas axudas están enmarcadas no seguintes marco de actuación:

Fondo financiamento: FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional)

Programa Operativo: Feder Galicia 2014-2020.

Esta actuación enmárcase nos seguintes:

Eixe Prioritario: EP20 Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da Economía. (REACT-UE).

Obxectivo Temático: 13 Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia Covid-19 e súas consecuencias sociais e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía. (REACT-UE).

Prioridad de inversión: 01: Favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía

Actuación CPSO: 20.1.3.2.4 Ayudas para el impulso de la industria cultural y creativa gallega

Obxectivo Específico: OE 20.1.3.2 - OE REACT-UE 3.2. Apoio a medidas de axuda económica nas rexións máis dependentes dos sectores máis afectados pola crise da COVID-19. Organismo con senda Financeira: Xunta de Galicia

Organismo intermedio: Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública abarcando todo o ámbito da Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes.

Organismo de selección de operación e entrega o DECA: Axencia Galega das Industrias Culturais.

3. O día 5 de agosto de 2022 ditase unha resolución de concesión das axudas recibidas ata o día 30 de xuño de 2022 que non esgota o crédito dispoñible.



4. Segundo o artigo 12.2 tratase dunha convocatoria aberta na que se dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, polo que se procede a unha segunda avaliación das solicitudes recibidas a data de 5 de setembro de 2022 (Anexo I) , xunto coa documentación complementaria presentada e a recibida tras realizar os pertinentes requirimentos.

5. Revisados os expedientes polo órgano instrutor da Agadic, compróbase que unha das solicitudes non cumpre cos criterios establecidos nas bases da convocatoria e, polo tanto, considérase inadmitido tal e como se recolle no anexo II.

6. A relación de solicitudes que conforman o anexo III cumpren os requisitos requiridos nos artigos 2, 3 e 4 das bases reguladoras da convocatoria para recibir a axuda, determinándose a contía da axuda segundo o artigo 5 das bases reguladoras da convocatoria.

7. En data 28 de setembro de 2022 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) trala instrución do expediente, emite proposta de resolución da concesión da axuda.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o Presidente do Consello Reitor da Agadic, segundo sinalado no artigo 13.2 da Resolución do 19 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical na Rede galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 21-22, ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT302D), debendo ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic, e de conformidade con ela, RESOLVO:

1. Inadmitir, por non cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria a entidade solicitante que se relaciona no anexo II.

2. Conceder a subvención, e polo importes que se expresan, por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria, as entidades solicitantes que se relacionan no anexo III.

A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se



produza o acto presunto (artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas).

Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González



**ANEXO I**
**RELACIÓN DE SOLICITUDES RECIBIDAS**

Fecha Reg Solicitud	Núm Reg Solicitud	Mod	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado
02/08/2022 11:24 horas	1988721	1	JAIME ALVAREZ FURELOS	***889***	" REDE GALEGA DE MUSICA EN VIVO – SALA A FUNDACIÓN"	20.000,00 €
31/08/2022 12:00 horas	2162257	1	ACCIPITER GENTILIS SL	B70105671	PROGRAMACIÓN MUSICAL SALA FILOMATIC 2023	18.000,00 €
02/09/2022 20:41 horas	2187128	1	LA SONRISA DE VIGO SL	B36954915	LA FÁBRICA DE CHOCOLATE CLUB	20.000,00 €
05/09/2022 14:35 horas	2196276	1	CASA DAS CRECHAS, S.L	B15655384	CASA DAS CRECHAS - CICLO MUSICAL DA DIVERSIDADE 2022/ 2023	19.000,00 €
05/09/2022 16:47 horas	2197077	1	TABOADA Y PAZ SC	J32273377	PROGRAMAZON RGMV 22-23 NO AURIENSE CAFÉ CULTURAL	20.000,00 €
05/09/2022 23:09 horas	2199013	1	FONOSAURIOS SL	B94180692	PROGRAMACIÓN MUSICAL SALA KRAZZY KRAY	20.000,00 €

**ANEXO II**
**RELACIÓN DE SOLICITUDES NON ADMITIDAS**

Nº Expediente	Persoa Solicitante	NIF	Causa de non admisión
12/08/2022 18:00 horas	JAIME ALVAREZ FURELOS	***889***	Artigo 3.1.d) das bases reguladoras da convocatoria



**ANEXO III****PROXECTOS SUBVENCIONADOS E IMPORTES DAS AXUDAS**

Fecha Reg Emenda	Núm Reg Emenda	Mod	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado	Importe concedido 2022	Importe concedido 2023
05/09/22 11:53 horas	2193317	1	LA SONRISA DE VIGO SL	B36954915	LA FÁBRICA DE CHOCOLATE CLUB	20.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €
07/09/2022 12:19 horas	2213821	1	ACCIPITER GENTILIS SL	B70105671	PROGRAMACIÓN MUSICAL SALA FILOMATIC 2023	18.000,00 €	9.000,00 €	9.000,00 €
15/09/2022 14:58 horas	2277629	1	FONOSAURIOS SL	B94180692	PROGRAMACIÓN MUSICAL SALA KRAZZY KRAY	20.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00€
23/09/2022 11:26 horas	2340198	1	TABOADA Y PAZ SC	J32273377	PROGRAMAZON RGMV 22-23 NO AURIENSE CAFÉ CULTURAL	20.000,00 €	10.00,00 €	10.000,00 €
27/09/2022 13:59 horas	2369847	1	CASA DAS CRECHAS, S.L	B15655384	CASA DAS CRECHAS - CICLO MUSICAL DA DIVERSIDADE 2022/ 2023	19.000,00 €	9.500,00 €	9.500,00 €

